



## PREMIOS DE EXCELENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á MELLOR NOTA DE ADMISIÓN NOS GRAOS (CURSO 2025-26)

A Universidade da Coruña (UDC), co fin de recoñecer e incentivar o esforzo e a dedicación ao estudo, convoca os Premios de Excelencia á Mellor Nota de Admisión nos Graos, para este curso 2025-26.

### 1. Obxecto dos premios

Esta convocatoria ten como obxecto recoñecer o esforzo e a dedicación do estudantado procedente de bacharelato e/ou ciclos formativos de grao superior que alcance uns resultados académicos excelentes nos estudos previos ao acceso á universidade, de modo que premiará a quen posúa a mellor nota de admisión nas titulacións oficiais de grao e programas de simultaneidade de grao, que se imparten nos centros propios da Universidade da Coruña no curso académico 2025-26.

### 2. Requisitos que debe reunir o estudantado proposto para o premio

Os premios destínanse ao alumnado de primeiro curso por primeira vez que obteña a mellor nota de admisión no curso 2025-26, nas titulacións oficiais de grao e programas de simultaneidade de grao dos centros propios da UDC.

Concederase un premio por cada un dos graos e programas de simultaneidade de grao que se impartan na UDC no curso 2025-26.

O estudantado proposto para o premio deberá cumplir os seguintes requisitos:

- a) Ter finalizados os estudos de bacharelato ou ciclo formativo de grao superior, no curso académico 2024-25, en calquera dos centros educativos recoñecidos pola administración educativa no territorio nacional.
- b) Ter unha nota de admisión á universidade igual ou superior a 9,00 e matricularse por primeira vez no curso académico 2025-26, nos prazos establecidos pola CIUG na súa convocatoria, nas titulacións oficiais de grao ou programas de simultaneidade de grao, impartidas nos centros propios da UDC e manter a matrícula durante todo o curso.
- c) Non incorrer en ningunha clase de inhabilitación para obter as axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no cumprimento das obligas tributarias e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- d) Non estar en posesión dunha titulación universitaria.



### **3. Número de premios, dotación económica e financiamento**

Concederanse 52 premios. Un premio de 565 € por cada titulación oficial de grao e programa de simultaneidade de grao que se imparten nos centros propios da UDC.

Estes premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 030A 422D 48002-Premios de Excelencia da Universidade da Coruña á mellor nota de admisión nos graos-VEE, ata un máximo de 29.380 €.

### **4. Procedemento**

#### **4.1 Valoración dos expedientes académicos**

Os premios outorgaranse de oficio a proposta da Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade.

O criterio para a concesión será ter a mellor nota de admisión, entre o estudantado que cumpra os requisitos establecidos no punto dous desta convocatoria, nas titulacións oficiais de grao e programas de simultaneidade de grao impartidas nos centros propios da UDC.

No caso de empate entre varias persoas, procederase ao desempate atendendo á nota de acceso á universidade e, de persistir o empate, terase en conta a nota media do expediente académico previo.

#### **4.2. Relación provisoria e definitiva do estudantado proposto**

A Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade elaborará unha relación provisoria do estudantado que obtivese a nota de admisión máis alta, de acordo cos requisitos establecidos no punto 2 e no punto 4.1 desta convocatoria. Esta relación publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO).

Contra esta relación provisoria, as persoas interesadas no procedemento poderán presentar unha reclamación no prazo de cinco días hábiles, que comenzará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación. As reclamacións presentaranse a través do enderezo electrónico: [lerdcoruna@udc.gal](mailto:lerdcoruna@udc.gal),

A Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade resolverá as reclamacións e publicará no TEO a relación definitiva das persoas propostas para a concesión do premio de excelencia.

A publicación no TEO da UDC considerarase válida para os efectos de notificación ás persoas interesadas, sen prexuízo de que se lles poida remitir un aviso mediante o correo electrónico institucional.

#### **4.3 Aceptación do premio**

O estudantado proposto na relación definitiva para a concesión do premio de excelencia á



mellor nota de admisión nos graos e programas de simultaneidade de grao nos centros propios da UDC deberá aceptar a percepción do importe concedido e tramitar a alta de datos bancarios na Sede Electrónica da UDC, segundo o procedemento que se estableza na relación definitiva.

O prazo para presentar a aceptación será de cinco días hábiles que contarán desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva.

No caso de non presentala, entenderase que a persoa proposta renuncia de forma voluntaria á percepción do importe do premio.

## **5. Proposta definitiva, concesión e efectos**

### **5.1 Remisión da proposta definitiva**

A proposta definitiva será remitida pola Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade ao reitor para a súa tramitación por parte do Consello de Goberno.

### **5.2 Acordo de concesión**

O Consello de Goberno concederá estes premios de excelencia ao estudantado coa mellor nota de admisión que cumpla os requisitos establecidos nesta convocatoria.

A relación de persoas premiadas publicarase no TEO da UDC. Esta publicación será válida para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O acordo do Consello de Goberno esgotará a vía administrativa. Contra el poderase interpoñerse un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co dispuesto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mencionado no parágrafo anterior ata que non exista unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **6. Efectos**

Cada premio consistirá nun diploma acreditativo, expedido polo reitor da Universidade da Coruña, e unha dotación económica de cincocentos sesenta e cinco euros (565 €). O



aboamento deste importe farase por parte da Universidade da Coruña mediante transferencia bancaria a unha conta da que sexa titular a persoa beneficiaria.

O importe do premio estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

A concesión do premio figurará no expediente académico da persoa premiada mesmo no caso de renunciar á súa dotación económica.

A cada centro de ensino do que proceda o estudiantado premiado faráselle entrega dun diploma acreditativo.

As persoas beneficiarias deberán devolver o premio no caso de que se probe que foi outorgado indebidamente ou non manteña a matrícula durante todo o curso 2025-26.

## 7. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos - RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos de que os datos desta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretaria.xeral@udc.gal](mailto:secretaria.xeral@udc.gal)

A aceptación dun premio, ao amparo desta convocatoria, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexítimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RGPD, coa finalidade da correcta xestión dos premios. Tódalas persoas que entren en contacto con estos datos coa citada finalidade cumplirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial.

A persoa interesada terádereito a exercer o seu dereito de oposición ao tratamento dos datos empregados neste procedemento. Así mesmo, terádereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais, e a limitación do seu tratamento. Estos dereitos poderá exercelos mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña; ou ao correo electrónico



[secretaria.xeral@udc.gal](mailto:secretaria.xeral@udc.gal), coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Os datos personais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do derecho de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

## DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que alcanza, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no TEO da UDC.

Asinado na Coruña, na data da firma dixital.